



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)  
www.vilasantar.com

---

## **Acta da sesión extraordinaria do pleno nº 03/16**

**Data 23-05-2016**

***Acta anterior 14-04-2016***



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

## Asistentes:

### Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

### Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral  
 D. José David Pintor Pazo  
 D. José Emilio Mahía Neira  
 D. Jesús Gómez García  
 D<sup>a</sup> Manuela García Freire  
 D. José Antonio Cotos Seoane  
 -D<sup>a</sup>. Marta García Sánchez

### Non asisten

D<sup>a</sup>. María del Carmen Torreiro Cotos

### Secretario

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

## Acta pleno 03/2016

### Acta da sesión extraordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e tres de maio de dous mil dezaseis.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e catro minutos do día vinte e tres de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúnese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai 2 cidadáns presentes en calidade de público aos que se une outro unha vez iniciada.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

### **1.- Escrito RE 623 asinado por tres concelleiros de convocatoria de pleno extraordinario en relación á regularización catastral (00' 20")**

O alcalde informa que xunto á convocatoria enviouse copia do escrito e máis un informe de intervención.

A continuación (00' 50") explica a lexislación da aplicación aos prazos de convocatoria da sesión extraordinaria, indicando que é de aplicación prioritaria a Lei de Bases, lendo a estes efectos o artigo 46 que establece, en resume, que o pleno se debe de realizar no prazo de 15 días dende a súa solicitude polos concelleiros e que, transcorrido ese prazo sen realizarse, será convocado polo secretario, engadindo que, segundo o rexistro de entrada, cúmprese o prazo dos quince días.

Toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire, quen presenta unha cuestión de orde pois considera que o pleno non foi convocado de acordo coa lexislación, pois na mesma establececese que a convocatoria tense que facer no prazo de 4 días dende a presentación do escrito e que senón convocará o secretario.

*Neste momento entra unha nova persoa no pleno, en calidade de público asistente.*

O Sr. Alcalde pregunta ao secretario se se comete algunha ilegalidade, quen responde que a lexislación vixente contén certas contradicións, pero o certo é que o secretario non tiña competencias para convocar o pleno, pois non transcorreron os quince días que establece a Lei de bases de réxime local dende a presentación do escrito.



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

A portavoz do BNG, Manuela García Freire quere que conste en acta “que non se está cumprindo a legalidade na convocatoria dos plenos extraordinarios, e o portavoz do PP e alcalde, Fernando Pérez Fernández quere que conste en acta que si que se está cumprindo a legalidade.

A continuación (03' 29") dálle a palabra á portavoz do BNG, quen manifesta que o problema da regularización catastral xa se tratou no pleno anterior e que a situación vai ser grave pola repercusión desta regularización especialmente sobre os gandeiros e gandeiras polo que propuxeran unha modificación urxente. Non se aceptou naquel momento e por iso convocan este pleno. A situación dos gandeiros e gandeiras considera que xa é moi grave e por riba venlle esta suba sobre unhas construción que, en moitos casos, antes non estaban gravadas.

A continuación le as propostas de acordo:

*“1.- O pleno do concello rexeita o proceso de regularización catastral emprendido polo ministerio de facenda, demandando a paralización do proceso.*

*a) Insta que a revisión do valor dos inmóbeis no catastro se efectúen tendo en conta o seu valor real, partindo da súa función económica, do dinamismo demográfico e do mercado inmobiliario concreto do concello onde se insiren, sen a aplicación e extrapolación de módulos obxectivos realizados de forma homoxénea a partir dunha visión centralista.*

*b) Solicita que, en función de dito proceso, non se lle esixa ás persoas propietarias pagos retroactivos en exercicios posteriores do IBI, así como que se declare a exención da taxa de regularización catastral cando afecten a alteracións relacionadas con obras de rehabilitación ou conservación ou de elementos e edificacións vinculadas á actividades agraria.*

*c) Insta que as construcións e edificacións auxiliares das vivendas do medio rural, así como todas as edificacións vinculadas á actividade agraria ou gandeira teñan exencións do IBI.*

*d) Demanda que no futuro non se compute o patrimonio que estea afecto ou vinculado á actividade agraria, gandeira ou forestal para a baremación de umbráis patrimoniais nas bolsas de axudas ao estudo.*

*2.- O Pleno do concello modificará a ordenanza fiscal número 1, reguladora do Imposto sobre bens inmóbeis.*

*Modifícase o artigo 2º tipos:*

*a) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmóbeis, aplicábel aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,4% (agora está no 0,5%)*

*b) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmóbeis, aplicábel aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,3% (agora está no 0,65%)*

*c) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmóbeis, aplicábel aos bens de características especiais, queda fixado no 1,3% (agora está no 1,2%)*

*Engadir un apartado 4º. Bonificacións:*

*Gozarán dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbeis no que estean situadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifique tal declaración. No suposto que nun mesmo inmóbel*



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

*existan, ademais das construción indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle a bonificación que corresponda en funcións dos m<sup>2</sup> dedicados á actividade. Corresponderá ao Pleno da corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo de contar co voto favorábel da maioría simple dos seus membros.*

*A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e xurdirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da resolución de dita solicitude. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán de presentar a seguinte documentación:*

*-Folla de saneamento ou certificado de Facenda no que conste a situación censual do titular da activade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.*

*-Acreditación da titularidade catastral do inmóbel.*

*-Certificación de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade social ou autorización para que a propia administración solicite o certificado.*

*O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación. Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos exixíbeis para a aplicación do beneficios fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de dez días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.*

*O Concello poderá solicitar se renoven os documentos para acreditar que se continúa tendo dereito a bonificación.”*

A continuación (08' 30") refírese a que na convocatoria do pleno aparece un informe de intervención e que entenden o informe pero non acaban de entender por que hai un informe de intervención, cando eles están falando de cuestións políticas e non de cuestións técnicas.

O alcalde pregunta ao secretario por que fixo o informe, sendo este interrompido pola portavoz do BNG que lle pregunta se o informe foi feito a petición da alcaldía ou por iniciativa propia, contestando o secretario que foi por propia iniciativa, ante unha petición concreta de rebaixa dun imposto, o IBI, que implica unha rebaixa considerábel da previsión de ingresos, afectando tanto a estabilidade orzamentaria como a regra do gasto, sen ningunha memoria económica nin ningún tipo de expediente.

A portavoz do BNG contesta que non é función da oposición facer as memorias e os expedientes, que é función do equipo de goberno, pois opina que é unha cuestión técnica, preguntándolle o alcalde se teñen algunha valoración do que significa a baixada. Iniciase un debate entre os dous, preguntando o alcalde se teñen unha valoración e respondendo a portavoz do BNG que o que ven eles é o cargo tan importante que supón para as familias e que as memorias son función do goberno municipal.

O alcalde indica que esta regularización catastral faina o Catastro e que na provincia da Coruña neste momento quedan pouco máis de 20 concellos por facela, que o farán o ano que vén. A



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

regularización faise en todo estado menos País Vasco e Navarra. Esta regularización busca unha actualización de datos que, en principio é unha obriga dos propietarios

A continuación informa das actuacións realizadas polo concello xa dende o día 26 de abril, para facilitar a resolución de dúbidas e de asesoramento aos veciños, cunha técnica que axuda a facer as alegacións, e que foron utilizadas por grande cantidade de veciños. Tamén puxemos a disposición dos veciños diversos modelos de alegación.

Finaliza indicando que o seu grupo non está en contra da regularización catastral senón da forma en que se está facendo, con moitos erros, nas superficies, nos usos, de titularidade...

Cremos que os métodos utilizados para realizar a regularización foron pouco fiábeis e malos e que valoraron moitos inmóbeis en moi pouco tempo.

Nós, ante tal cantidade de erros, redactamos un escrito o día 13-05-2016 solicitando a suspensión cautelar do pago dos 60,00 euros, ou a súa devolución de estaren cobrada, e a suspensión cautelar do cobro dos anos retroactivos, en aplicación dos artigos 104 e 105 da Lei de procedemento administrativo.

Todo o anterior sería mentres os datos catastrais non se axusten á realidade construtiva.

En resume, non están en contra da regularización catastral, si de como está feita.

Sendo as (17' 04") toma a palabra a portavoz do BNG Manuela García Freire quen pregunta ao alcalde se fixeron a memoria económica, contestando o alcalde con datos da situación actual do tipo, valor catastral e ingreso polos diferentes conceptos do IBI (ingresos urbana 178.359 euros e en rústica 34.698 euros. Total de 213.057 euros). Indica que os tipos foron aprobados hai dous anos e que despois houbo unhas eleccións e os veciños volveron a depositar a confianza no mesmo equipo de goberno, o que provoca interrupcións por parte da portavoz do BNG.

Continúa o alcalde indicando que os ingresos por IBI son os máis importantes do concello e que eses ingresos se dispararon non só en Vilasantar senón nos concellos do conxunto de Galicia.

Continúa indicando que, segundo a proposta presentada polo BNG, habería unha redución de ingresos de 35.675 euros en urbana, ata 142.684 euros. En rústica a redución sería de 18.000, 16.014 euros, aproximadamente, dando unha redución total aproximada de 54.359 euros

A portavoz do BNG Manuela García Freire pregunta se se ten en conta as construcións novas, contestando o alcalde que agora vai falar diso.

Continúa o alcalde con respecto ás becas que xa a Xunta de Galicia vai facer unha modificación para evitar a súa repercusión.

En canto as repercusións desta regularización catastral dá datos dos expedientes tramitados, que son 732 inmóbeis urbanos e 155 rústicos, o que significaría un aumento de 55.714 euros en urbana e 400 euros en rústica. En canto aos ingresos polos atrasos dos catro anos anteriores serían de 132.918 euros, e imos pedir á deputación (órgano recaudatorio) que permita o pago fraccionado e sen intereses.

En canto aos veciños que veñen pedir información estáselle dicindo con respecto aos 60,00 euros, que non sabe se é en concepto de taxa, ou para pagarlle á empresa, ou para evitar a multa, que iso non é o fundamental, que o máis importante é a información que vén na proposta.

Finaliza indicando que, a vista das propostas de acordo do escrito do BNG, o que se pretende é



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

rebaixar os ingresos do concello, o que implicaría unha redución de 54.359 euros, cando o que vai recibir o concello son 55.714 euros.

Con respecto á bonificación, indica que na moción que presentou o seu grupo na última sesión plenaria xa se contemplaba, pero non saben neste momento canto suporía esa bonificación, preguntando ao secretario quen responde que non ten datos.

Intervén a portavoz do BNG para indicar que, na súa opinión, en realidade quedaríase a pre, 54.359 de redución e 55.714 de incremento, contestando o alcalde que non sabemos se vai ir para adiante ou non, pois presentamos esa alegación no catastro.

Conclúe o alcalde (28' 36") que están de acordo coa proposta do BNG no apartado das bonificacións agrarias e na suba do tipo de características especiais. Por suposto o cambio na urbana e rústica non podemos estalo porque nos podemos meter nun problema se ao final non vai a regularización para adiante, aparte do informe do secretario.

Contesta a portavoz do BNG insistindo en que é unha decisión política e que a memoria xa se faría despois, que o pleno é un órgano político, contestando o alcalde que non vai ir en contra dun informe de secretaría intervención.

Finalmente o alcalde propón ao BNG transaccionar a moción aceptando o que dixo antes (a bonificación e máis o tipo do IBI de características especiais, deixando o resto dos puntos (A modificación proposta de rústica e urbana).

A portavoz do BNG, Manuela García Freire contesta que a moción, ou se consensúa ou se vota tal e como está, e que houbo vinte días para consensuala. Así non acepta a transacción e pide que se vote tal e como está.

O alcalde do concello propón entón a votación (32' 45") pedindo á portavoz do BNG se ten algo máis que dicir previamente á mesma, manifestando Manuela García Freire que é unha decisión política, pois os veciños de Vilasantar estamos a pagar a súa mala xestión, que cada ano temos máis perda e cada ano están a subir máis os impostos, contestando o alcalde que a suba foi hai dous anos, que agora o que hai é un proceso de regularización catastral, non de suba de impostos, e que estarían a favor de transaccionar do xeito que dixo antes.

A portavoz do BNG di que non á proposta de transacción porque todos os apartados da proposta de acordo lle parecen igual de importantes, porque a teñen moi ben estudada. O alcalde indica que o pleno aprobou unha moción presentada polo seu grupo a prol da bonificación no pleno anterior, que está pendente de levar adiante e pregunta á portavoz do BNG se estaría disposta a fácelo neste pleno, contestando Manuela García Freire que no sería posíbel, tratándose dun pleno extraordinario, o que provoca un breve debate.

A continuación Manuela García Freire prantexa unha cuestión de orde, indicando que eles traen unha moción e que o alcalde di que van a aprobar un punto desa moción e pedindo que conste en acta que a proposta do alcalde "é unha tomadura de pelo". O alcalde pregunta á portavoz do BNG se coa baixa solicitada terían garantida a recadación procedente da regularización catastral pois senón perderíase cincuenta e pico mil euros, contestando esta que perdería o concello esa cantidade e que a ganariamos todos os veciños, por iso é unha decisión política, contestando o alcalde que "agora non é o momento desa decisión política", pedindo a portavoz do BNG que consten esas palabras en acta, como se fai. O alcalde di que quere que conste en acta que "a baixada do gravame rústico ou urbano, o concello perdería cincuenta e cinco mil euros e eu non teño garantido aínda o





## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

---

incremento da regularización, que serían os outros cincuenta e cinco mil e polo tanto segundo o informe do secretario interventor, non podo ir en contra dese informe”. Contesta a portavoz do BNG que non se vai en contra dese informe, sáqueno doutro sitio, aforren e xestionen ben.

Finalmente (37' 32") o alcalde propón a votación de acordo coa proposta presentada polo Escrito RE 623 asinado por tres concelleiros de convocatoria de pleno extraordinario en relación á regularización catastral, a cal resulta rexeitada por 3 votos a favor (BNG) e cinco en contra (PP)

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as trece horas e corenta e dous minutos (duración de 38'05") do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.  
O alcalde.

O secretario.

Asdo. Fernando Pérez Fernández

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.